

galicia

XORNADA TÉCNICA

A TÉCNICA DA PROPAGACIÓN DO CASTIÑEIRO POR GALLOS SEMILEÑOSOS

Xoves, 14 de Decembro de 2017

10 a 14 h

Centro de Investigación Forestal de Lourizán

Estrada Pontevedra - Marín, km. 4

inscricións

escribe a infourizan.mr@xunta.gal

indicando o teu nome, DNI, teléfono, empresa e o nome da xornada

A TÉCNICA DA PROPAGACIÓN DO CASTIÑEIRO POR GALLOS SEMILEÑOSOS

Josefa Fernández López

Beatriz Míguez Soto

Javier Fernández Cruz

A xornada terá como obxectivo describir a técnica de estaquillado abarcando o cultivo das plantas nai de gallos, os procedementos de estaquillado, os cuidados fitosanitarios, abonados e o cultivo posterior en vaso ou no solo. Presentaremos os resultados dun ensaio sobre a influencia da concentración de ácido indol butírico (AIB) e da data de estaquillado sobre o enraizamento.



O castiñeiro é considerado unha especie de reprodución por gallos difícil, xa que, salvo excepcións, os gallos feitos de brotes lignificados ou de brotes tomados das copas das árbores non enraízan. Non obstante, os brotes de cepa de primavera, non completamente lignificados, poden enraizar aplicándolles unha hormona específica para a indución de raíces (como o sal potásico do ácido indol 3-butírico [AIB]), antes de inserilos nun substrato de enraizamento e de colocalos nun invernadoiro con humidade ambiental elevada para evitar a súa desecación.

A reprodución por gallos é un método que facilita o cambio dos clons que se van propagar en diferentes anos.

Os gallos do castiñeiro tómanse das plantas nai cultivadas para ese uso. Son plantas recepadas a menos de 20 cm de altura dende a base, ás que se lles dá unha estrutura que favoreza a emisión de numerosos brotes de grosor reducido, mediante unha poda en xaneiro ou febreiro na que se deixan dúas xemas basais dos brotes do ano anterior. As plantas nai poden estar no campo ou en testos grandes colocados nun invernadoiro.

“A propagación por gallos semileñosos” páxinas 49-53 da “Guía de cultivo do castiñeiro para a produción de castaña” 2014. Xunta de Galicia.